Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT

Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Informe da Directora
Xunta de Escola, 26 de novembro de 2025

1 Sobre a composición de Xunta de Escola

- Infórmase da adscrición da profesora Teresa Rivas Brea (sector PDI permanente) á Xunta de Escola da EME, trala consulta a Asesoría xurídica sobre a participación en órganos colexiados en situación de ano sabático.

2 Actividades de representación

- 28 de outubro. Asistencia da directora, en representación do centro, á Xornada "Os recursos minerais e o sector da enerxía", organizada polo Clúster de Enerxías d Renovables de Galicia (CLUERGAL) e participando na mesa de "*Necesidades formativas do sector enerxético*".
- O 6 de novembro asistiu Francisco Deive, en representación da Escola, ao acto de inauguración do "*Seminario de Xeotermia*", organizado por ACLUXEGA e que contou coa colaboración da Escola.

3 Reunións de traballo

- 18 de novembro. Reunión de Francisco Deive coa administradora de centro e o Director de Área de Infraestruturas para valorar o acondicionamento do antigo espazo de reprografía e propor unha nova solución para a entrada de auga na zona de despachos.
- 20 de novembro. Reunión da Directora e Francisco Deive, como Subdirector de Infraestruturas e AAEE con representantes da empresa ATLANTHY para a presentación do software específico *digHy* para procesos de produción de hidroxeno verde.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

4 Divulgación científica e captación de alumnado

4.1 Conferencias nos IES

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
06/11/2025	CPI Virxe da Saleta (Cea)	4º ESO	10	Benito Vázquez	Física Re-Creativa

10/11/2025	Colexio Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela)	1º e 2º Bach	300	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
14/11/2025	CPI Virxe da Saleta (Cea)	1º e 2º ESO	30	Carmen Mariño e Raquel Pérez	Crebacabezas de Materiais
21/11/2025	IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa)	1º ESO	125	Iria Feijoó, Silvia Gómez e Raquel Pérez	Materiais Intelixentes: Ciencia Ficción ou realidade?
25/11/2025	Colexio Plurilingüe Vigo (Redondela)	1º Bach	16	Benito Vázquez	Física Re-Creativa

4.2 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
04/11/2025	IES Carlos Casares (Vigo)	1º Bach	45	Benito Vázquez Marta Caride e Juan José García	Física Re-Creativa Combustión
12/11/2025	IES Pazo da Mercé (As Neves)	3º, 4º ESO e 1º Bach	40	Francisco Deive Amanda Franco e Raquel Pérez	Enx. Química Combustión
19/11/2025	IES Luis Seoane (Pontevedra)	4º ESO e 1º Bach	10	María Araújo e Pablo Alonso Raquel Pérez	The Wall Combustión

4.3 Taller recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
25/11/2025	IES de Sar (Santiago de Compostela)	1º ESO	50	Santiago Pozo Ignacio Pérez	No centro

4.4 Xornadas de Portas Abertas

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
26/11/2025	IES de Soutomaior (Soutomaior-Pontevedra)	2º Bach	6	Moisés Cordeiro e Pablo López (GTE) Pablo Alonso e María Pazo (GESSMin) Iago Pozo e Laura Andrés (GESSMin) Marta Caride e Juan José García (GTE)	Eficiencia Enerxética na Edificación Experiencia virtualizada para o recoñecemento de minerais Laboratorio de Conservación de Patrimonio Laboratorio de Tecnoloxías da Combustión

4.5 Conferencias na EME

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Conferencia
26/11/2025	IES de Soutomaior (Soutomaior-Pontevedra)	2º Bach	6	Raquel Pérez	Oferta formativa sobre os Graos

4.6 Outras actividades

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
07/11/2025	IES Valadares (Vigo)	1º e 2º Bach	25	María Pazo	Coloquios Mulleres STEAM: "*Mulleres na Ciencia e na Arte*"

4.7 Comunicación ENCIGA

Para divulgar os resultados do proxecto "*Olimpíada da Enerxía*", presentouse unha comunicación ao Congreso ENCIGA celebrado o pasado 20 de novembro. A comunicación foi presentada polo integrante do equipo de investigación Benito Vázquez.

4.8 Programa STEMBach

Centro educativo	Titor/a na UVIGO	Proxecto
Bienio 2025-2027		
IES Valadares (Vigo)	Teresa Rivas	Placeres sedimentarios: tesouros nas Rías Baixas
IES Primeiro de marzo (Baiona)	Francisco Deive	A bioenxeñaría como ferramenta para a obtención de novos combustibles máis sostibles
Colegio Las Acacias (Vigo)	Iago Pozo	Conservación del *street art* de tu zona
IES A Paralaia	David Patiño e Raquel Pérez	Sistema de calefacción autosuficiente
Bienio 2024-2026		
Colegio Las Acacias (Vigo)	Iago Pozo	Conservación del *street art* de tu zona
IES ROU (Vigo)	Francisco Deive	Biomasa algal residual como fonte de biocombustible

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

5 Igualdade

5.1 Presentación libro

O 7 de novembro Teresa Rivas e María Araújo asistiron, en representación das persoas autoras, á presentación en Salvaterra do Minho do libro "*Hackeamos o Patricarcado*", texto que recolle un capítulo elaborado a partir do proxecto financiado pola Cátedra Feminismos 4.0.

5.2 Enquisas diagnose de acoso

O 29 de outubro realizáronse na Escola as enquisas de diagnose de acoso ao estudantado dos Graos e do 2º Máster Universitario en Enxeñaría de Minas coa Unidade de Igualdade. Por incompatibilidade de horarios non se puido informar nin realizar a enquisa presencial ao estudantado de 4º curso.

6 Desenvolvemento titulacións

6.1 Formación IAX emprego na docencia

Recibiuse unha axuda da UVIGO para formación de docentes e estudantado no emprego da IAX na docencia, polo que se va ofrecer un novo curso orientado a persoal docente das tres escolas que non participaran no curso de xullo e que teñan interese no uso da IAX na docencia. Non hai ningunha obriga de unirse ao plan piloto de IAX que está en vigor.

O curso será presencial e terá lugar nas seguintes datas:

- 13/01/26: 9:00 - 12:00: Sesión 1 Introdución
- 14/01/26: 9:00 - 11:00: Sesión 2 Documentos
- 15/01/26: 9:00 - 11:00: Sesión 3 Programación
- 20/01/26: 9:00 - 12:00: Sesión 4 Xornada de posta en común do traballo autónomo.

Habilitarase un procedemento para trasladar o interese, con data límite o 15 de decembro.

6.2 Distribución Grupos docencia B 1º cuadrimestre

A distribución de estudantado en grupos B e C para o primeiro cuadrimestre está dispoñible para o profesorado no espazo de coordinación de cada curso (EME-PROF), en formato Excel. Xurdiu a necesidade de que esta información estivese introducida na plataforma SIGMA para que o estudantado tivera acceso á realización das EAD do profesorado que imparte grupos B, dado que plataforma de realización das EAD toma os datos de SIGMA.

Polo tanto foi necesario habilitar un procedemento extraordinario para trasladar esa información a SIGMA. Infórmase a todo o profesorado de que xa se rematou o envorcado a SIGMA dos datos das materias do primeiro cuadrimestre e recoméndase a comprobación por se houbo algún erro.

Para as materias do segundo cuadrimestre proponse o establecemento dun novo procedemento. O estudantado poderá escoller grupo B a través de MOOVI e despois trasladarase esta información á SIGMA de forma automática.

Agradécese o traballo realizado por Guillermo García, Iria Feijoo e Joaquín Martínez, responsable de TIC da Escola.

7 Plan de Acción Titorial

7.1 Orientación académica e profesional

- 29 de outubro. Sesión informativa ao estudantado de TFG dos graos, para informar dos pasos na tramitación do TFG, prazos e módulo TFE na aplicación Sigma. Impartiron a sesión Francisco J. Deive e Iria Feijóo.
- 29 outubro. Sesión informativa sobre mobilidade nacional e internacional para o estudantado da escola, impartida por Francisco J. Deive.

7.2 Actividades extracurriculares

- Os días 6 e 7 de novembro celebrouse na Escola o "*Seminario de Xeotermia: casos prácticos*", organizado por ACLUXEGA cunha duración de 8 horas. A actividade contou coa financiación da Xunta de Galicia e o Consello Social da Universidade de Vigo e a colaboración da Escola de

Enxeñaría de Minas e Enerxía. O Seminario foi de balde para estudantado da Escola e contou coa participación de 50 persoas.

- O 21 de novembro o enxeñeiro Diego Vélez Garzón (ATEGLOB) impartiu una conferencia na que compartiu a súa experiencia nunha serie de proxectos de túneles emblemáticos a nivel mundial, entre os que destacan: *Thames Tideway, Supercolector de Saneamento de Londres, Metro de Quito (Liña 1), Túnel Chesapeake (Virginia) e Theun-Hinboun Hydropower (hidroeléctrica en Laos.*) A actividade foi organizada polo profesor Julio García.
- O 26 novembro impartiuse a conferencia "*Evaluación del Sistema Cu–U–Au–Ag de Olympic Dam: Tipología, Explotación y Futuro de la Operación*" no Aula de Grao da Escola, en modalidade non presencial. Impartiu a conferencia o enxeñeiro Francisco Román Falguera, enxeñeiro sénior de Planificación Estratéxica de BHP - (División Minerais Australia). Compartiu a súa experiencia nunha serie de proxectos emblemáticos a nivel mundial na empresa BHP, que ten catro centros de produción mineira en Australia. Un deles é Olympic Dam, complexo mineiro-metalúrxico que constitúe o principal produtor de cobre no mundo; ademais, obteñen como subproduto uranio, o que supón un reto desde o punto de vista do deseño da planta de tratamento e da xestión de residuos. A actividade foi organizada por Teresa Rivas e Ignacio Pérez-Rey.

Agradécese ás persoas que participaron na organización das actividades e a Ana Rodríguez o labor de coordinación.

8 Sistema Garantía Calidade

8.1 Enquisas Avaliación Docente 1º Cuadrimestre

As medidas que se propoñen desde a dirección para incentivar a participación nas enquisas do profesorado que deu o visto bo para a realización das mesmas, son as seguintes:

Opción 1. Que sexa o propio profesorado da materia quen reserve 10 minutos da súa docencia para propor ao estudantado a realización das EAD da súa materia.

Opción 2. Que se cedan 10 minutos da docencia da materia para que outra persoa do centro, designada pola dirección, pase a realizar as EAD.

Cuestións a ter en conta:

- As EAD teñen que realizase en docencia de grupo A da materia
- É importante confirmar que o día que se fixe para a realización das EAD, o profesorado teña activada a visibilidade das mesmas.
- É importante lembrar que, en calquera caso, o profesorado que non queira dar o visto bo para a realización das enquisas pode facelo a través da súa Secretaría Virtual.

Para organizar o procedemento, pasarase ao profesorado do primeiro cuadrimestre un formulario para que comunique a opción elixida e por en marcha o proceso.

8.2 Acreditación institucional

Realizouse a visita da Comisión de Avaliación, de forma presencial o 13 de novembro de 2025. O programa da visita foi o seguinte:

Hora	Actividade
9:00-10:00	Recepción no centro e reunión interna da Comisión de Avaliación

10:00-10:30	Reunión inicial co equipo directivo da Escola, representantes Institucionais e Área de Calidade
10:30-11:30	Reunión Coa Comisión de Garantía de Calidade da Escola
11:30-11:45	Pausa
11:45-12:45	Reunión cunha mostra representativa de estudantado da Escola
12:45-13:45	Reunión cunha mostra representativa de profesorado da Escola
13:45-15:00	Pausa-almorzo
15:00-16:00	Reunión cunha mostra representativa de persoas egresadas da Escola
16:00-16:45	Reunión cunha mostra representativa de empregadores e titores/as de Prácticas Externas
16:45-17:00	Audiencia pública
17:00-18:00	Reunión interna da Comisión de Avaliación (preparación del informe oral)
18:00-18:15	Reunión final da Comisión de Avaliación co equipo directivo/representantes Universidade/CGC/persoas coordinadoras. Lectura do informe oral

Agradécese a Guillermo García e Carmen Romo o traballo realizado na organización da visita e as persoas que participaron nas diferentes sesións coa Comisión da Avaliación.

9 Prensa

- Celebración do *workshop* "*Da idea comercializadora: deseño de produto e modelo de negocio para solucións IoT*", organizado pola Cátedra Telefónica na Escola no que se mostrou ao estudantado da UVIGO as fases e procesos que deben seguir para converter unha idea inicial nun produto de IoT comercializable no mercado. Participaron 40 estudantes.

  https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/catedra-telefonica-achegalle-ao-alumnado-uvigo-camino-converter-ideas-solucions-iot-comerciais

- Presentación do libro *"Soft Skills for Engineering: Methodologies, Social Skills and Course Development"*, editado por Iñigo Cuiñas e Itziar Goicoechea, docente e investigadora do Departamento de Deseño na Enxeñaría. O texto nace coa intención de ofrecer unha guía práctica e metodolóxica para integrar o desenvolvemento das *soft skills* na formación en enxeñaría. O volume é publicado pola *Institution of Engineering and Technology (IET).*

  https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigadores-uvigo-plasman-sua-experiencia-internacional-soft-skills-nun-volume-publicado-iet

10 Próximas actividades

- Celebración de Santa Bárbara. Delegación de Alumnado.
  - 4 de decembro, festa PDI/Estudantado/PTXAS. Parking edificio Fundición
  - 5 decembro, Carreira Solidaria Santa Bárbara. Inscrición gratuíta e recollida alimentos non perecedoiros.
- Celebración Santa Bárbara na Escola: 10 de decembro ás 14:00 horas no vestíbulo da Escola.
  - Entrega Premios ENFOCA.RME

  - Entrega Premios Mellores expedientes acceso titulacións da Escola
  - Presentación Virtualización do Obradoiro de Minerais
- Olimpíada Xeoloxía Fase provincial: 4 de febreiro de 2026
- Olimpíada Xeoloxía Fase Nacional: 22 de marzo de 2026
- Foro Tecnolóxico de Emprego: 24 e 25 de febreiro de 2026.